



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A BAÑA

Aprobación das bases e convocatoria do proceso selectivo para a conformación dunha bolsa de emprego temporal - Peón PEL 2024

ANUNCIO

En data 18 de marzo de 2024 ditouse resolución de Alcaldía con número de Decreto 162/2024 que se transcribe a continuación ó efectos da publicación das bases reguladoras e convocatoria do proceso selectivo para a provisión urxente, polo sistema de concurso-oposición, de un peón de obra como persoal laboral temporal por un período de sete meses e 5 días.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

José Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN DE BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN URXENTE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE UN PEÓN DE OBRA COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR UN PERIODO DE SETE MESES E 5 DÍAS.

Expte. TEDEC: 2024/X999/000023 (Emprego).

Expte. TEDEC: 2024/G003/000162 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que o artigo 19.Catro da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 establece que “Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”

Visto que en data 15 de marzo de 2024 se dita providencia de inicio do presente expediente de selección de persoal onde se indica que “nestes momentos por necesidades do servizo público o Concello precisa dotarse de un peón de obras con relación de carácter laboral temporal ao abeiro do Plan de Emprego Local (PEL-CONCELLOS 2024), durante un período de sete meses e 5 días.

Visto que as tarefas desempeñadas polo persoal encadrado na categoría obxecto do presente proceso selectivo resultan esenciais para o correcto funcionamento dos servizos públicos do Concello da Baña.

Vista a necesidade de dotar ao Concello da Baña de mecanismos de xestión de recursos humanos para resolver as ausencias prolongadas do seu persoal ao non dispor esta entidade de persoal que poida atenuar as posibles baixas, permisos, etc do persoal ao seu servizo.

Visto que con data 27 de outubro de 2023, publícanse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 206 as bases reguladoras do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (liña 1.1. PEL-CONCELLOS 2024) aprobadas mediante Resolución de Presidencia nº 2023/ 39894, do 17 de xaneiro de 2023.

Visto que con data 30 de novembro de 2023, publícase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 229 o Extracto da Resolución número 2023/9384, de de novembro de 2023, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (liña 1.1. PEL-CONCELLOS 2023).

Visto que con data 15 de decembro de 2023, o concello da Baña acepta as referidas bases e solicita unha subvención por importe de 31.000,00€ no Decreto de Alcaldía 671/2023.

Visto que con data 26 de febreiro de 2024, publícase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 40 a Resolución número 2024/1280, do 22 de febreiro, pola que se aproba a concesión das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2024 (PEL-CONCELLOS).

Visto que en dita Resolución se lle concede ao Concello da Baña unha subvención por importe de 31.000,00€.

Vistas as bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión urxente, polo sistema de concurso-oposición, de un peón de obras como persoal laboral temporal por un período de 7 meses e 5 días, no concello da Baña.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 16/2022, de data 17 de xaneiro de 2022, na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Aprobar as bases que rexerán a convocatoria de concurso-oposición para a provisión urxente, polo sistema de concurso-oposición, de un peón de obras como persoal laboral temporal por un período de 7 meses e 5 días no concello da Baña, ao abeiro do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (liña 1.1. PEL-CONCELLOS 2024), que se achegan como Anexo I.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asínao o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA (PELCONCELLOS 2024), INCLUÍDAS NA LIÑA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL DO CONCELLO DA BAÑA (A CORUÑA).

Expte. TEDEC: 2024/X999/000007(Persoal).

1.- OBXECTO.

1.1. É obxecto da presente convocatoria a regulación do proceso selectivo o abeiro das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos básicos municipais PEL CONCELLOS 2024, mediante relación laboral e contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, cuxas características son:

- **Categoría profesional:** PEÓN
- **Grupo de cotización:** 10 (Co. Edificación e Obras Públicas da Coruña)
- **Xornada:** 25 horas semanais, de luns a venres. O horario será fixado pola Alcaldía en atención ás necesidades do servizo.
- **Tipo contrato:** Mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (cód. 505)
- **Duración:** 7 meses e 5 días a contar dende a data de inicio do contrato; o contrato non se estenderá máis alá do 31-12-2024, conforme ao Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL-CONCELLOS 2024.

1.2. O sistema selectivo elixido é o de concurso-oposición.

1.3. Ó presente proceso selectivo seralle de aplicación o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; o Real Decreto Legislativo 2/2015, a Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Texto Refundido da Lei de Igualdade das mulleres de Galicia, Ley 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidade do persoal ó servizo das Administracións Públicas, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e as bases da presente convocatoria así como as normas da subvención que financiarán a futura contratación.

1.4. Terase en conta o establecido nas bases reguladoras das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PELConcellos 2024), incluídas na liña 1.1 do plan de emprego local aprobadas por Resolución de Presidencia da Deputación da Coruña nº 2023/39894 de 23/10/2023 publicadas no BOP número 206 de 27 de outubro do 2023.

As persoas a contratar neste programa, de acordo co establecido no apartado 4.2 da base 4 de convocatoria do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia

(PEL-CONCELLOS 2023), deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo ou no caso de existencia de listas anteriores na data da convocatoria e atoparse nalgunha das seguintes situación de exclusión laboral mencionadas no referido apartado. Estas situacións serán consideradas como requisitos obrigatorios para o acceso ó emprego público.

1.5. As funcións a desenvolver serán tarefas de servizo básicos e esencias municipais dos artigos 25 e 26 da lei 7/1985 dentro da ocupación PEÓN nos diversos sectores de actuación da Corporación local, referidas a un determinado oficio, industria ou arte, que veñan sendo realizadas con anterioridade no Concello da Baña, tales coma:

- Limpeza viaria de beirarrúas e prazas públicas por medios manuais e varredora nas 15 parroquias do concello.
- Pavimentación das vías públicas e pequenas obras de reparacións, conservación e mantemento de edificios e de espazos públicos de titularidade municipal
- Labores de acceso aos núcleos de poboación coma, limpeza e desbroce en áreas recreativas e nos accesos a núcleos de poboación entre outras.
- Calquera outra, relacionada co posto de traballo, que lle encomende o superior xerárquico.

A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador será de 1.037,80 euros/mensuais de acordo a unha xornada laboral de 25 horas semanais, e axustada ás necesidades do servizo.

2.- REQUISITOS.

2.1. Para ser admitidos no proceso selectivo, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

- a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea ,nos termos previstos no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo as persoas estranxeiras con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións cos españois.
- a) Estar en posesión da capacidade funcional para o desenvolvemento e desempeño das tarefas.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
- c) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- d) Estar en posesión da titulación esixida: Certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír a credencial que acredite a súa homologación. ou equivalente. A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.
- e) Posuír o título acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 1, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento.
- f) Estar inscrito/a no Servizo Público de Emprego como desempregado/a na data do inicio do proceso selectivo. (Terán que achegar orixinal ou copia compulsada da tarxeta de demandante de emprego do Servizo Público de Emprego). As persoas que se acollan ao apartado de parados de longa duración deberán acreditar esta circunstancia coa certificación de mais de 12 meses en desemprego expedida polo Servizo Galego de Colocación. O resto de candidatos no momento da presentación de instancias poderá acreditarlo coa tarxeta de demandante actualizada en vigor ou expedido polo Servizo Galego de Colocación da condición de desempregado.
- g) O apartado 4.2 da base 4 de convocatoria do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia (PEL-CONCELLOS 2023), estipula que as persoas a contratar no programa deberán estar incluídas en situación de exclusión laboral. Estas situacións son as seguintes:

- Mulleres, o ter un diferencial do índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ó dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración: Ós efectos deste programa, considéranse parados de longa duración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego no servizo público de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ó 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polo concello no proceso de selección das persoas a contratar.
- Persoas en situación de drogodependencia. Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental/monomarental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

As persoas con discapacidade igual ao superior ao 33 por cento deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de discapacitado acreditarase mediante certificación expedida por organismo competente.

Para acreditar estas situacións anteriores, de acordo co disposto na Base 2 das bases da convocatoria PEL-CONCELLOS 2024 relativa á documentación acreditativa do persoal a contratar, todas as persoas solicitantes deberán achegar tarxetas ou informes acreditativos da súa condición de demandantes de emprego debidamente actualizados, segundo consta no apartado 3.3. das presentes bases.

2.2. Os requisitos establecidos nestas bases deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e manterse ata a toma de posesión.

3.- INSTANCIAS.

3.1. As instancias solicitando tomar parte nas probas selectivas dirixiranse ó Sr. Alcalde-Presidente e nelas cada aspirante deberá manifestar que reúne todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias segundo modelos que se establezan nos anexos correspondentes.

3.2. As solicitudes presentaranse no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte á última publicación da convocatoria nos seguintes medios: Portal de transparencia e Taboleiro de Anuncios do Excmo. Concello da Baña e Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Os lugares de presentación serán o Rexistro Xeral do Excmo. Concello da Baña, en días laborais e en horario de oficina, ou ben calquera dos lugares previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.3. Os solicitantes deberán unir á instancia (que se poderá descargar no seguinte enlace: https://sede.concellodabana.gal/sxc/es/procedimientosytramites/tramites/Convocatoriadeselecciondepersonal_N) a seguinte documentación:

- Anexo I.
- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia do título académico requirido.
- Fotocopia dos documentos acreditativos dos méritos a valorar na fase de concurso.
- Título CELGA 1 ou equivalente. De non aportarse deberá realizarse a proba de coñecemento de lingua galega.
- A documentación, orixinal ou copia compulsada, acreditativa da situación ou situación de exclusión laboral de cada persoa traballadora desempregada, é a seguinte:

Situación ou situacións de exclusión laboral	Documentos acreditativos
Mulleres e persoas maiores de 45 anos	Fotocopia DNI.
Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego)	Informe de vida laboral actualizado da Tesourería Xeral da Seguridade Social e, tarxeta de desemprego
Persoas con discapacidade	Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33%, expedido polo administración competente vixente na data de publicación da convocatoria.
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas con fogar no que ningún dos seus membros teña emprego, fogar monoparental/monomarental ou persoas sen fogar, vítimas de violencia de xénero.	Informe da traballadora social do municipio. Que o expedirá á petición do candidato/a interesado/a.

4.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

4.1. Expirado o prazo de presentación de instancias ó que se refire o punto anterior, ditarase resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e as causas de exclusión. Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal así como no portal de transparencia do concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/

4.2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, nos que poderán corraxir os defectos ós que se alude no referido artigo, e formular as reclamacións á lista provisional. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no prazo indicado, decaerá o seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

4.3 Se non se presentasen reclamacións á lista provisional, considerarase esta definitiva.

4.4 No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do Tribunal e a data, lugar e hora de realización da fase de oposición. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no portal de transparencia do concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/

5.- PROCEDIMIENTO SELECTIVO.

5.1. A selección dos aspirantes realizarase a través do sistema de concurso-oposición libre. Constará, polo tanto de dúas fases. A fase de concurso valera un 20%, a de oposición o 80%.

5.2. FASE DE CONCURSO. Máximo 2 puntos

5.2.1. A fase de concurso será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio ni poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

5.2.2. O tribunal reunirse con carácter previo á celebración do primeiro exercicio, para valorar ós méritos da fase de concurso. A resolución resultante desta valoración conterà para cada aspirante a puntuación global obtida na fase de concurso e publicarase no taboleiro de anuncios da Corporación.

5.2.3. Os méritos a valorar serán os seguintes:

PROGRAMAS DE CAPACITACIÓN, FORMACIÓN E INTEGRACIÓN NO MERCADO LABORAL:

Valorarase como mérito ter finalizado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas.

Polo tanto, valorarase con 0,50 puntos ter finalizado favorablemente un deste tipo de programas nos últimos 5 anos. Sendo o máximo a acadar neste apartado 2 puntos.

Os méritos admisibles e avaliáveis serán unicamente os presentados no período establecido de presentación de solicitudes.

A falta de acreditación dos méritos **non será emendable** e xerará a non valoración dos mesmos.

5.3. FASE OPOSICIÓN: Máximo 8 Puntos.

A fase de oposición consistirá na realización dun primeiro e único exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións do posto a desenvolver en cada caso, que estarán relacionadas coas tarefas que o posto require, e descritas no punto 1.5 das presentes bases tales coma: limpeza viaria de beirarrúas e prazas públicas por medios manuais e varredora, pavimentación das vías públicas e pequenas obras de reparacións, conservación e mantemento de edificios e de espazos públicos, labores de limpeza e desbroce utilizando as ferramentas propias da tarefa: por exemplo: desbrozadoras, varredora, circular, cortasetos, motoserra, equipo de protección individual, etc., entre outras propias do posto.

Para realizar a proba práctica o concello decidirá o protocolo a seguir na/s proba/s práctica/s das persoas candidatas. Á finalización da proba o tribunal poderá realizar unha serie de preguntas orais a contestar polos aspirantes, que deberá versar sobre a realización da proba práctica realizada.

A comisión seleccionadora puntuará este exercicio entre 0 e 8 puntos.

Para superar dita proba será preciso acadar como mínimo 4 puntos.

A duración da proba práctica decidiráa a comisión seleccionadora, segundo a proba que se estableza en cada caso.

PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

En aplicación no previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente)

deberán realizar unha proba oral e escrita que, terá carácter obrigatorio e eliminatorio. O exercicio será cualificado de apto ou non apto. Quedaran exentos da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente. Esta proba non formará parte da fase oposición, sendo simplemente unha proba para determinar o cumprimento do requisito de coñecemento da lingua galega.

5.3.1. Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos/as no seu dereito aqueles/as que non comparezan.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizar os exercicios provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

5.3.2. A data e lugar na que se celebrará a proba anunciarase no Taboleiro de Anuncios (Sede Electrónica) e na páxina Web do Concello.

5.3.3. Os aspirantes serán convocados en chamamento único (empezando pola letra cuxo primeiro apelido comece pola letra «W», atendendo a estes efectos á ordenación alfabética resultante do listado de aspirantes admitidos. No suposto de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra «W», a orde de actuación iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «X», e así sucesivamente segundo Resolución do 27 de xullo de 2023, da Secretaría de Estado de Política Territorial e Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo ó que se refire o “Reglamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración del Estado”, sendo excluídos do proceso selectivo as persoas aspirantes que non comparezan, agás causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal. Os/As candidatos/as deberán acudir provistos do NIF ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir.

5.3.4. En calquera momento o Tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa personalidade.

5.5. O aspirante que tendo superado as fase de oposición, tivese obtido a cualificación total máis alta como resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de concurso mais oposición e, a condición de apto na proba de coñecemento da lingua galega, será a persoa proposta para encabezar a bolsa de emprego.

5.6 No caso de empate priorizarase a maior puntuación obtida na fase de oposición (proba práctica). En último extremo, o empate será resolto mediante sorteo.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1. O Tribunal Cualificador será nomeado por Decreto de Alcaldía e estará composto polos seguintes membros, de conformidade co disposto no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

- Un Presidente: Un/unha funcionario/a de carreira do ámbito da administración local designado/a polo Alcalde con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.
- Un Secretario: Un/unha funcionario/a de carreira do ámbito da administración local designado/a polo Alcalde con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.
- Tres Vogais: Funcionarios/as de carreira ou laborais fixos pertencentes a unha administración pública designados/as polo Alcalde con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.

6.2. Non poderán formar parte do Tribunal: o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos, e o persoal eventual, conforme ó disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. A pertenza ó Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

6.3. O Tribunal poderá contar, para todas ou algunhas das probas, coa colaboración de asesores técnicos, con voz e sen voto, que deberán limitarse ó exercicio da súa especialidade técnica, e cuxo réxime de retribucións determinarase na resolución que acorde a súa designación. Así mesmo, poderá contar cun colaborador administrativo, con voz e sen voto, asimilado a Vogal ós exclusivos efectos da súa retribución.

6.4. Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo e de intervir cando concorran as circunstancias previstas nos artigos. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, e de conformidade co disposto no artigo 13 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, calquera aspirante poderá recusa-los, cando concorran algunha das referidas circunstancias.

6.5. O Tribunal só poderá actuar validamente coa asistencia, en todo caso, do Presidente, da maioría dos Vogais e do Secretario, titulares ou suplentes, indistintamente. Corresponderalle dilucidar as cuestións plantexadas durante o desen-

volveremento do proceso selectivo, velar polo bo desenvolvemento do mesmo, cualificar as probas establecidas e aplicar os baremos correspondentes.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria. Porén, o Tribunal resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases facultándolles estas para elo.

6.6. As resolucións do Tribunal vinculan á Administración sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión conforme ó previsto nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015 e artigo 14 do R.D. 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o "Regulamento General de Ingreso del Persoal al servizo de la Administración General del Estado y de Provisión de Postos de Trabajo y Promoción Profesional de los funcionarios Civiles de la Administración General del Estado".

7. RELACIÓN DE APROBADOS E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

7.1. Rematada a cualificación dos/as aspirantes o Tribunal publicará a relación provisional de aprobados/as, abrindo un período de alegacións. Estudadas estas, de existiren, o tribunal publicará a relación definitiva de aprobados pola orde de puntuacións e elevará dita resolución ó Presidente da Corporación para que se proceda á aprobación da bolsa de emprego a través de Resolución de Alcaldía.

7.2. Publicada a resolución de Alcaldía coa relación de aprobados e a aprobación da bolsa de emprego, o Concello da Baña xestionará dita bolsa segundo as necesidades do servizo. Detectada dita necesidade cursarase comunicación ós membros da bolsa de emprego por estrita orde decrecente en base á puntuación obtida nas probas selectivas. As persoas incluídas na relación de aprobados contarán cun prazo de tres días naturais para cumprir coa obriga de comunicar a aceptación de prazos ou para manifestar expresamente o seu rexeitamento da oferta. Este prazo de tres días hábiles poderá reducirse a 24 horas si se declara expresamente a urxencia na cobertura da praza a través dunha providencia de Alcaldía.

7.3. A bolsa de emprego resultantes deste proceso selectivo terá unha vixencia permanente ata a vindeira convocatoria da mesma e a súa xestión deberá ter presente o disposto no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

7.4. Cando a comisión seleccionadora non poida efectuar proposta de nomeamento por non ter concorrido os aspirantes ou por non ter acadado a puntuación esixida para superar as probas selectivas, elevará proposta á alcaldía de que se declare deserta.

8. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

8.1. Unha vez realizado o chamamento oportuno, a persoa aspirante proposta achegará ante o Excmo. Concello da Baña, dentro do prazo de tres días hábiles dende que se realice dito chamamento, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Fotocopia compulsada de D.N.I.
- a) Copia autentica ou fotocopia, que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsada, da titulación esixida.
- b) Certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función a desempeñar, expedido por facultativo competente.
- c) Declaración xurada, ou promesa de, non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

8.2. Quen tivese a condición de funcionario estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da Administración Pública da que dependa, acreditando a súa condición e cantas circunstancias consten no seu expediente persoal.

8.3. Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran ter incorrido por falsidade na súa instancia.

9. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.

9.1. Concluído o proceso selectivo e achegados os documentos a que se refire a fase anterior, o Sr. Alcalde, de acordo coa proposta do Tribunal Cualificador, procederá a formalizar a relación laboral temporal por substitución do/da aspirante seleccionado. A tal efecto dita persoa iniciará a relación laboral temporal no prazo de 1 día hábil dende a toma de posesión, prazo no que deberá proceder ós trámites oportunos en materia de prevención de riscos laborais e protección de datos de carácter persoal.

9.2. Quen, sen causa xustificada, non compareza para a formalización da relación laboral temporal no prazo sinalado, perderá tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

10. RETRIBUCIÓNS:

As retribucións íntegras mensuais serán as das táboas salariais acordes o grupo profesional do Convenio Edificación e Obrar Públicas da Coruña (15000395011982), mentres non se conte cun convenio laboral propio do Concello da Baña.

11. IMPUGNACIÓN

Contra a resolución de aprobación das presentes bases, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpor os recursos que se expresan a continuación:

De reposición potestativo, no prazo dun mes, a contar dende o seguinte día hábil á recepción da súa notificación, ante o mesmo órgano municipal que ditou o acto impugnado, conforme ó establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A interposición do recurso de reposición, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado, de acordo co disposto no art. 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Ou ben interpor directamente recurso contencioso administrativo, sen necesidade de interpor previamente o recurso de reposición potestativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte día hábil á recepción da presente notificación, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

No caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpor o recurso contencioso – administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime axeitado.

12. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

a) Responsable do Tratamento	CONCELLO DA BAÑA NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): dpd@concellodabana.gal
b) Finalidade do tratamento	Xestión de persoal funcionario, laboral e eventual do CONCELLO DA BAÑA. Se inclúen retribucións, estacións administrativas, dereitos e deberes, prevención de riscos laborais, formación, incompatibilidades, e outros aspectos incluídos na xestión de dicho persoal.
c) Lexitimación	Artigo 6.1.b) RGPD o tratamento necesario para a execución dun contrato no que o interesado é parte ou para a aplicación a petición de este de medidas precontractuales. Artigo 6.1.c) RGPD o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal: - Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública. - Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por o que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. - Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei do Estatuto dos Traballadores.
d) Categoría de interesados	Persoal funcionario, laboral e eventual do CONCELLO DA BAÑA
e) Categoría de datos	-Datos de identificación: Nome e apelidos, DNI/NIF/Documento identificador, número de rexistro de persoal, número de Seguridade Social/Mutualidade, dirección, teléfono de contacto e firma. -Datos de categorías especiais: Tipo e grado de discapacidade. -Datos de características persoais: Sexo, estado civil, nacionalidade, idade, data e lugar de nacemento, datos familiares. -Datos académicos e profesionais: Titulacións, formación e experiencia profesional. Detalles de emprego: posto de traballo, carreira profesional administrativa e incompatibilidades. Datos económico-financeiros: Datos económicos de nómina, créditos, préstamos, avales, retencións xudiciais (no seu caso) e outras retencións (no seu caso). -Datos bancarios: número de conta bancaria para o pago da nómina. Outros datos: relativos á acción social, datos sobre sancións en materia de función pública, certificado de ausencia de delitos de natureza sexual. Informes e/ou recoñecementos médicos.
f) Destinatarios	Instituto Nacional de Administración Pública, Rexistro Central de Persoal,, Entidade a quen se encomende a xestión en materia de riscos laborais, Instituto Nacional da Seguridade Social e mutualidades de funcionarios, Entidade xestora e depositaria do Plan de Pensións da Administración Xeral do Estado, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Organizacións sindicais, Entidades bancarias e financeiras para o pago de nóminas, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Intervención Xeral da Administración do Estado, Administración do Estado e Administración Local.
g) Transferencias Internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.
h) Prazos de conservación	Se conservarán o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recadaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento de datos, conforme á Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, ademáns dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación aplicable no CONCELLO DA BAÑA.
i) Medidas de Seguridade	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de Seguridade) do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica (ENS).

ANEXO I**MODELO DE INSTANCIA (PEÓN DE OBRAS)**

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección de persoal laboral temporal para o posto de PEÓN DE OBRAS, DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello da Baña.

DATOS PERSOAIS

DNI:

APELIDOS E NOME:

TELÉFONO:

ENDEREZO:

SOLICITA tomar parte na selección en réxime laboral temporal, segundo o establecido nas bases que rexen a convocatoria.

Estou encadrado/a dentro do seguinte COLECTIVO (cláusula 1.4 das bases da convocatoria):

- a) Mulleres
- b) Maiores de 45 anos
- c) persoas desempregadas de longa duración, con un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- d) Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- e) Persoas en situación de drogodependencia.
- f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- g) Persoas con fogar monoparental.
- h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero.
- j) Persoas sen fogar.

A BAÑA, _____ DE _____ 2023.

SINATURA:

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA:

- a) Copia simple do Documento Nacional de Identidade ou documento de identidade.
- b) Copia simple do documento acreditativo de estar desempregado na data de inicio do proceso selectivo.
- c) Copia simple do documento acreditativo de atoparse nalgunha das situacións de exclusión sinaladas na base primeira, e segundo o seguinte detalle:

Situación ou situacións de exclusión laboral	Documentos acreditativos
Mulleres e persoas maiores de 45 anos	Fotocopia DNI.
Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego)	Informe de vida laboral actualizado da Tesourería Xeral da Seguridade Social e, taxeta de desemprego
Persoas con discapacidade	Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33%, expedido polo administración competente vixente na data de publicación da convocatoria.
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas con fogar no que ningún dos seus membros teña emprego, fogar monoparental/monomarental ou persoas sen fogar, vítimas de violencia de xénero.	Informe da traballadora social do municipio. Que o expedirá á petición do candidato/a interesado/a.

d) Copias simples dos documentos xustificativos dos méritos que aleguen os aspirantes (ter finalizado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas). Non serán tomados en consideración nin valorados aqueles méritos que non fosen alegados no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

e) No seu caso, copia simple do documento xustificativo de estar en posesión do Celga 1 ou equivalente.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

a) Responsable do Tratamento	CONCELLO DA BAÑA NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): dpd@concellodabana.gal
b) Finalidade do tratamento	Xestión de persoal funcionario, laboral e eventual do CONCELLO DA BAÑA. Se inclúen retribucións, estacións administrativas, dereitos e deberes, prevención de riscos laborais, formación, incompatibilidades, e outros aspectos incluídos na xestión de dicho persoal.
c) Lexitimación	Artigo 6.1.b) RGPD o tratamento necesario para a execución dun contrato no que o interesado é parte ou para a aplicación a petición de este de medidas precontractuales. Artigo 6.1.c) RGPD o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal: - Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública. - Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, por o que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. - Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei do Estatuto dos Traballadores.
d) Categoría de interesados	Persoal funcionario, laboral e eventual do CONCELLO DA BAÑA
e) Categoría de datos	-Datos de identificacións: Nome e apelidos, DNI/NIF/Documento identificador, número de rexistro de persoal, número de Seguridade Social/Mutualidade, dirección, teléfono de contacto e firma. -Datos de categorías especiais: Tipo e grado de discapacidade. -Datos de características persoais: Sexo, estado civil, nacionalidade, idade, data e lugar de nacemento, datos familiares. -Datos académicos e profesionais: Titulacións, formación e experiencia profesional. Detalles de emprego: posto de traballo, carreira profesional administrativa e incompatibilidades. Datos económico-financeiros: Datos económicos de nómina, créditos, préstamos, avales, retencións xudiciais (no seu caso) e outras retencións (no seu caso). -Datos bancarios: número de conta bancaria para o pago da nómina. Outros datos: relativos á acción social, datos sobre sancións en matena de función pública, certificado de ausencia de delitos de natureza sexual. Informes e/ou recoñecementos médicos.
f) Destinatarios	Instituto Nacional de Administración Pública, Rexistro Central de Persoal,, Entidade a quen se encomende a xestión en materia de riscos laborais, Instituto Nacional da Seguridade Social e mutualidades de funcionarios, Entidade xestora e depositaria do Plan de Pensións da Administración Xeral do Estado, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Organizacións sindicais, Entidades bancarias e financeiras para o pago de nóminas, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Intervención Xeral da Administración do Estado, Administración do Estado e Administración Local.
g) Transferencias Internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.
h) Prazos de conservación	Se conservarán o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recadaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento de datos, conforme á Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, ademáns dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación aplicable no CONCELLO DA BAÑA.
i) Medidas de Seguridade	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de Seguridade) do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica (ENS).

Na Baña, a 22 de marzo de 2024.

O Alcalde,

don Jose Antonio Pereira Gil.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

2024/2026